



NORMATIVA PARA O USO DO ESPAZO DE TRABALLO

COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA

O SERVIZO

- ✓ Poderán solicitar o seu uso os colexiados e colexiadas do Colexio de Xornalistas, e excepcionalmente quen acorde a Xunta de Goberno.
- ✓ É imprescindible enviar antes unha solicitude para o seu uso.
- ✓ Para acceder haberá que identificarse como colexiado/a.

AS SOLICITUDES

- ✓ As solicitudes faranse chegar a través dun correo electrónico a xornalistas@xornalistas.gal, onde haberá que indicar:
 - Nome e número de colexiado/a de quen a solicita
 - Data e hora no que vai facer uso das instalacións
 - Indicar si se vai traer portátil propio
- ✓ As solicitudes haberá que facelas chegar polo menos con 48 horas de antelación ao seu uso.
- ✓ As solicitudes concederanse por orde de chegada e tendo en conta o historial de uso do colexiado/a.
- ✓ O tempo máximo por sesión non excederá das 5 horas diarias e non poderá ser máis de dous días consecutivos.
- ✓ Para poder facer un reparto equitativo de uso, a Xunta de Goberno reservase o dereito de rexeitar unha solicitude que se manteña no tempo.

A SALA

- ✓ A Sala obxecto de uso está dotada cun ordenador de sobremesa, pantalla, teclado, mesa e cadeira.
- ✓ O ordenador dispón de conexión a internet. Tamén se pode solicitar unha clave de wi-fi si se accede con dispositivos propios. En calquera caso non se poderá exceder de dúas conexións.
- ✓ Poderase imprimir documentos previa solicitude e sempre nun número razoable de páxinas.
- ✓ Internet é un recurso de acceso á información e á investigación, por iso **ESTÁ TERMINANTEMENTE PROHIBIDO** acceder a páxinas web con contidos pornográficos, racistas, xenófobos, sexistas, violentos ou terroristas, ou que atenten contra os dereitos humanos.
- ✓ O uso desta sala realizarase sempre en horario de oficina.